



ALUMNADO INTERESADO EN PARTICIPAR NO PROXECTO EUROPEO

O alumnado interesado en participar nas actividades do proxecto europeo *Quality Assessment and Peer Review in Practice* poden redactar unha carta de motivación seguindo o modelo que se publica que na web da escola (pódese recoller impreso na conserxería do centro).

Prazo de presentación: ata o 26 de xaneiro 2015.

As cartas presentadas con posterioridade a esa data xa non se terán en conta para participar no curso de abril que se celebrará en Ourense, aínda que si para outras actividades do proxecto.

Os criterios de selección do alumnado serán os seguintes:

1. Estar matriculado na Escola de Idiomas de Ourense ou nunha das Seccións Delegadas e comprometerse a matricularse o vindeiro curso.
2. Ser maior de idade.
3. Nivel de inglés (mínimo intermedio, aínda que non é necesario estar matriculado en inglés).
4. Escribir unha carta de motivación para participar no programa.
5. Entrevista persoal.
6. Lectura e análise da documentación relativa ao programa.
7. Participar nas actividades que se organicen dentro do programa:
 - reunións informativas.
 - visita dos socios europeos a Ourense no mes de abril (posibles actuacións para amenizar a estancia, acompañar ao alumnado estranxeiro nas distintas actividades, planificación de actividades para o alumnado, etc).
 - posibles obradoiros que se organicen.
8. Disponibilidade para asistir ao curso de inglés que se impartirá durante 3 días na EOI de Ourense no mes de abril en horario de 09.00 a 13.00.
9. Preparar presentacións sobre aspectos dos países participantes no programa.
10. Coñecementos básicos de novas tecnoloxías.
11. Estar disposto a achegar unha contribución para os propios gastos de aloxamento, manutención e viaxe durante as mobilidades no caso de que as cantidades asignadas para este fin non foran suficientes.
12. Aceptar que a túa imaxe apareza publicada nos medios de comunicación ou nas redes sociais en actividades relativas ao programa europeo.
13. Colaborar coa escola no bo desenvolvemento do proxecto.

Se por cuestións de organización se considerase necesario engadir máis criterios de selección, estes publicaríanse na web da escola.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE OURENSE
Paseo Mestre Vide. 10 32004 Ourense
Tlfn: 00 34988 366 073 Fax: 00 34 988 366 184
eoio.ourense@edu.xunta.es www.eoiou.com



CARTA DE MOTIVACIÓN

Nome completo	
Data de nacemento	
Idioma, curso e grupo de matrícula	
Estudos / profesión	
Enderezo electrónico	
Teléfonos de contacto	

Máximo un folio por ambas caras. Registrar na secretaría do centro en horario de 09.00 a 14.00.

Especificar: 1. Motivos polos que desexas participar neste proxecto europeo.

2. Actividades nas que desexas participar.

3. Aportacións ao proxecto que estarías disposta/o a facer.

4. Outra información que consideres oportuna.



Erasmus+

Strategic Partnership 2014-1-FI01-KA204-000816

Quality Assessment and Peer Review in Practice


Co-funded by the European Union



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE OURENSE
Paseo Mestre Vide. 10 32004 Ourense
Tlfno: 00 34988 366 073 Fax: 00 34 988 366 184
eoio.ourense@edu.xunta.es www.eoiou.com



Erasmus+

Strategic Partnership 2014-1-FI01-KA204-000816
Quality Assessment and Peer Review in Practice
Co-funded by the European Union